



MINISTERIO  
DE HACIENDA  
Y FUNCIÓN PÚBLICA

 muface

**Instruccions**  
**para cubrir o modelo DPS-34401**  
**Solicitud de axuda a persoas en situación**  
**de drogodependencia**

# Instruccións

## Para a solicitude de axudas a persoas en situación de drogodependencia (DPS-34401)

*Este resumo serviralle para cubrir a solicitude, non obstante, recorde que todo o contido destas prestacións vén explicado na resolución de convocatoria.*

### Observacións de interese.

- Non escriba nos espazos sombreados con trama.
- Para o cobramento da axuda.
  - A solicitude do pagamento inicial e os sucesivos -previa presentación do/dos certificado/s xustificativo/s da asistencia recibida- poderá ser mensual ou acumulando varios meses, consonte co establecido na convocatoria.
- 1 **Datos do/da titular solicitante.** Consigne todos os datos que se indican referidos ao/á titular do documento de afiliación.
- 2 **Datos do/da beneficiario/a da prestación.**

Se non é o/a titular consigne os seus datos, indicando o número de orde no que aparece no documento de beneficiarios/as.
- 3 **Datos para o pagamento por transferencia.** É imprescindible consignar os códigos numéricos da entidade bancaria e sucursal, díxitos de control (DC) e conta corrente ou cartilla de aforros.
- 4 **Data de efectos económicos da prestación.** Consigne a data inicial dos servizos recibidos ou que pensa recibir.
- 5 **Datos para a notificación.** Se o desexa, pode indicar o medio ou medios preferentes polos que solicita que se lle realice a notificación, así como un domicilio alternativo para os efectos de notificacións.
- 6 **Documentos a presentar.**
  - **ACREDITATIVO DE REQUISITOS:** Informe psicolóxico ou médico actualizado, expedido polo/a oportuno/a especialista (psicólogo/a ou facultativo/a) inscrito/a no correspondente Colexio Oficial ou adscrito/a a un Centro dependente dunha Administración Pública, con xuízo diagnóstico relativo á dependencia padecida e á recomendación de recibir o tratamento integral desta (modelo DPS-34402).
  - **PAGO:** Para a xustificación do pago o/a interesado/a deberá presentar o certificado expedido ben polo/a terapeuta individual especializado/a ou ben pola dirección do Centro especializado no que conste:
    - a) Relación dos meses nos que o afectado recibiu tratamento.
    - b) Número de sesións nas que se aplicou o tratamento.
    - c) Tipo ou tipos de terapia utilizada.
    - d) Cualificación profesional do/a especialista responsable do tratamento aplicado.
  - **Certificación da Comisión de Acción Social** ou documento administrativo similar ou declaración responsable, segundo modelo DPS-34916).
  - **Factura/s** que deberá/n reunir os requisitos legais e regulamentariamente esixibles para a súa validez.